

Agustín Fernández Paz, autor de *A neve interminable*

## “Gústame explorar o espazo en que o inexplicable se integra dentro do que chamamos realidade”

De novo o misterio é o tema central dunha novela dunha das figuras máis destacadas da literatura galega contemporánea, o vilalbé Agustín Fernández Paz. Desta volta, os protagonistas de *A neve interminable* - que se dá a man con *Cartas de inverno* (1995), Premio Rañolas ao mellor libro xuvenil - son un grupo de guionistas que se reclúen nun hostal solitario das terras da Fonsagrada onde os sorprende unha tormenta de neve que semella non rematar nunca.

Un ano despois da publicación de *A viaxe de Gagarin* (2014), sae do prelo, editada por Xerais, *A neve interminable* para confirmar que Agustín Fernández Paz é un autor prolífico. Polo tanto, o máis probable é que estea a traballar noutra historia...

Mentres un escribe, sempre hai outras historias que andan pola cabeza agardando a hora de saíren. Agora, cando xa hai meses que rematei *A neve interminable*, estou con outra narración. Mais

aínda vai moi pouco dela; ando na fase previa á escritura, ten que



Agustín Fernández Paz cun exemplar de *A neve interminable*.

madurar bastante máis.

**Pero mentres, falemos da súa última novela. Escritores, neste caso de guións, son os seus protagonistas. Por que? É unha realidade máis cercana ao autor? Ou trátase dunha liberdade creativa?**

Para esta narración, conviñame que fose así: unhas poucas persoas relacionadas coa escritura e

que, pola tormenta de neve, quedan illadas nun lugar. Un equipo de guionistas, afeitos ao traballo colaborativo, era a solución ideal.

**A realidade galega está presente desta volta no lugar onde se desenvolve a historia. Por que localiza a acción na Fonsagrada?**

Precisaba un lugar illado, onde nevase dun xeito abondoso. E elixín a parroquia de Monteseiro, na zona montañosa do concello da Fonsagrada. Podería estar noutro espazo desas características, mais sempre dentro de Galicia, que é o ámbito onde transcorren a maioría das miñas historias.

**Que outros temas subxacentes, ademais do medo que experimentan os protagonistas, podemos atopar na novela?**

As ideas do autor, inevitablemente, andan por debaixo do

texto. Neste caso, ademais do medo e o misterio, o tema máis destacado é o cambio climático e os perigos que representa para a humanidade

**Algunhas das novelas de Agustín Fernández Paz acariñan o misterio nun ambiente de terror; polo que semella ser o seu xénero preferido. Que características destacarías do xénero?**

Como lector, sempre me sentín atraído pola literatura de xénero, sobre todo a novela negra e as narracións de medo. E si, varios dos meus libros entran dentro desta última categoría. Gústame explorar o espazo en que o inexplicable se integra dentro do que chamamos realidade. Iso é o esencial deste xénero: persoas enfrontadas a forzas e a situacións que desafían a nosa concepción do mundo.

**E do seu traballo como escritor, que aspecto ou aspectos lle resultan máis satisfactorios?**

É moi excitante ver como, a partir dunha idea ou dunha imaxe, se vai creando un mundo de ficción

construído por medio das palabras; como tamén o é o proceso de documentación que iso leva aparelado.

Do proceso de escritura, o máis satisfactorio é a elaboración do primeiro borrador, que sempre escribo á man.

**E a escrita de guións, que precisamente aborda na novela; non lle resultaría satisfactoria? Que lle parecería ver transformada unha das súas creacións literarias nun produto audiovisual xa sexa unha serie, que precisamente actúa na novela como escusa que impulsa aos**

**personaxes á acción, ou un filme?**

Xaora que me gustaría ver as miñas creacións

**“Gustariame ver as miñas creacións trasladadas á linguaxe audiovisual”**

trasladadas á linguaxe audiovisual! Xa houbo varios proxectos, mais ningún acabou de cristalizar. Nesta novela, precisamente, ben poderían estar os vimbios para poñer en marcha unha serie. En canto á escrita de guión, non me atrae especialmente. Prefiro a liberdade que me dá a narración literaria.

Xulio Xiz, coordinador de *Cerna de Carballo*

## “Hai poemas e relatos en *Cerna de Carballo* que resultan ser agasallos a un home ao que todos os participantes lle debemos algo porque co seu traballo nos beneficia a todos”

Crego, ilusionista, profesor e escritor. “Xosé Manuel Carballo Ferreiro destaca polas súas múltiples facetas vocacionais, artísticas e persoas; pero, sobre todo, pola súa dedicación aos demais”. Así define ao homenaxeado co libro *Cerna de Carballo* Xulio Xiz, coordinador da publicación que edita a Asociación Cultural Xermolos e a Irmandade Manuel María da Terra Chá que dirixe outro querido crego da comarca, Alfonso Blanco.

**Un total de 162 colaboracións**

compoñen este libro que vén de saír do prelo a comezos deste mes de abril. Que podemos atopar nel? Relatos, poemas, contos...?

Entre todas estas colaboracións compoñen unha visión poliédrica dun home multifacético. Hai poemas e relatos, que resultan ser agasallos a un home ao que todos os

participantes lle debemos algo porque co seu traballo “beneficiamos” a todos; porque homes coma este fan mellor o mundo.

**Todas estas colaboracións axudan a definir a Xosé Manuel**

dor no Seminario, de catequista ou formador de catequistas, de profesor ou escritor de éxito, de home do teatro desde a creación de obras e dirección ata a súa representación nos lugares máis diversos... ou o humorista e o mago que utiliza o humor e a maxia para transmitir as mensaxes máis elevadas...

tendo sempre presente que primeiro foi o crego e logo todo o demais; que precisamente por ser crego existe todo o demais, xa que a fe e o amor aos seres humanos —especialmente os máis necesitados— marcan a súa existencia. **Son 200 as persoas implicadas. Podería darnos algúns nomes? Que relación manteñen cada un deles co homenaxeado?**

No libro colaboran dous bispos —Lugo e Mondoñedo/Ferrol—, compañeiros cregos, compañeiros

profesores, antigos compañeiros no Seminario, políticos, parentes, labregos, amigos... pero para ter unha idea da claridade coa que no libro se fala de Carballo, mencionarei que a colaboración de Xesús Alonso Montero, Presidente da Real Academia Galega, remata dicindo: “Eu, que non creo en ningún deus, estaría disposto a pertencer a unha igrexa que tivese como Párroco Maior a Xosé Manuel Carballo (reverendo, digno de reverencia)”.

**Ademais de trazar unha definición de Carballo, que outros aspectos da súa realidade inmediata se poden apreciar entre as colaboracións?**

O conxunto de colaboracións é unha visión da Terra Chá do último medio século, a evolución das xentes... é como unha gran enquisa, que reflicte ao home, á súa obra, e ao tempo que lle tocou vivir.

**Ademais da coordinación, hai algunha colaboración asinada por Xulio Xiz neste libro?**

Hai unha breve colaboración miña

onde comento porque título o libro “Cerna de Carballo” (O carballo é duro por dentro, e brando por fora) referíndoo a Xosé Manuel, á súa fortaleza e ao seu trato persoal, desexando que este libro o acompañe —nos acompañe— sempre.

**Cerna de Carballo era unha necesidade para os colectivos chairregos que o impulsaron?**


Facía falla algo así para decirlle a Carballo cando se estima o seu traballo e dedicación, e canto nos beneficia a todos.

**O libro púidose mercar en Muimenta durante a MOEXMU. Que aceptación tivo?**

A acollida foi magnífica por parte dun público que o estaba esperando. A pesar de que ata agora non se fixo ningunha presentación do libro.

**E onde se pode atopar agora á venda? Por que prezo?**

A un prezo de 15 euros pódese mercar en Castro de Rei, Castro Ribeiros de Lea, Muimenta, Vilalba e Lugo. En canto se poida, ampliaremos os puntos de venda



A portada do libro (á esquerda) e o seu coordinador, Xulio Xiz, (arriba).